

## MESA SECTORIAL DO DÍA 18 DE MAIO DE 2021

### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 13 DE ABRIL DE 2021

Adiase a aprobación da acta citada, que corresponde a unha Mesa Sectorial que finalmente se desenvolveu en varias sesións, para poder aprobala globalmente.

### 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA O CENTRO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA E DIXITAL

ANPE Galicia considera que había dúas maneiras diferentes de abordar esta cuestión. Unha delas sería a de potenciar a acción dixital do CAFI e, a outra opción que é pola que opta a Administración, é a de crear un novo centro específico. Desde ANPE Galicia botamos en falta unha maior concreción e desenvolvemento do Decreto aínda que supoñemos que moitos dos aspectos que non se recollen no Decreto virán especificados na Orde ou Ordes que o desenvolvan. Como aspectos xerais tamén nos gustaría saber como vai a afectar a creación deste Centro ao actual CAFI e ao persoal asesor que está prestando servizos nel así como a ubicación dese novo centro. **En relación ao CAFI a Administración resposta que vai seguir mantendo as funcións que tiña asignadas salvo as relativas especificamente a Innovación Educativa e, polo tanto, seguirá a facer funcións de CFR da área de Santiago entre outras. Obviamente, ao ver reducidas as súas funcións, verá modificado o número de persoal asesor que presta servizos no CAFI que será estudado no seu momento pola Administración.**

Feitas xa estas consideracións iniciais, e entrando xa no propio texto do Decreto, desde ANPE Galicia botamos en falta no preámbulo referencias a toda a normativa estatal e europea. Concretamente, a Comisión Europea recentemente marcou como obxectivo garantir que houbo un Centro de Innovación Dixital en cada rexión, e distintos proxectos como o denominado “Fábricas intelixentes nos novos Estados membros da UE” ou o programa “Horizonte 2020” foron impulsando a proliferación destes ecosistemas innovadores. No ámbito estatal, a través do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, porase en marcha o Rexistro de Centros de Innovación Dixital que aspiran a formar parte da Rede Europea de Digital Innovation Hubs (DIH). Creemos que no preámbulo deben facerse referencias a estas Redes para que a creación deste Centro de Innovación Educativa e Dixital quede enmarcada nelas. Tamén botamos en falta a dotación orzamentaria do proxecto. **A Administración resposta que estudarán a inclusión de alusións á distinta normativa e marcos existentes tanto a nivel europeo como estatal.**

En relación ao Artigo 3 punto 2, desde ANPE Galicia consideramos que se deben establecer dous tipos de secretaría diferenciadas: unha secretaría administrativa e outra educativa. **A Administración resposta que inicialmente non ven necesidade de establecer dúas secretarías.**

En relación ao Artigo 4, ANPE Galicia considera que non procede a libre designación da dirección do Centro. ANPE solicita que a dirección emane da decisión do claustro do Centro pero, en todo caso e de non poder ser así, consideramos que cando menos debería ser por un concurso público de méritos. **A Administración resposta que a libre designación é un sistema de provisión de postos que é perfectamente posible dentro da Administración e consideran que é o sistema acaído neste caso.**

No artigo 6, entendemos que deberan establecerse departamentos ou áreas definidas e botamos en falta unha aposta clara pola internacionalización da innovación.

Para finalizar, no artigo 7, desde ANPE Galicia solicitamos a retirada do requisito de ter destino definitivo. **A Administración resposta que estudarán esta proposta co departamento de Persoal pero consideran que si pode ser necesario articular a posibilidade de que opte profesorado en expectativa de destino.**

**A Administración indica, para finalizar este punto, que non será algo que estea aplicado no mes de setembro (a comezos do vindeiro curso) xa que hai que desenvolver as Ordes e ver a dotación orzamentaria.**

### **3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA O CENTRO GALEGO DE INNOVACIÓN DA FORMACIÓN PROFESIONAL**

Desde ANPE Galicia queremos manifestar a nosa dúbida sobre o tipo de entidade do que se está a falar. A Administración foi pechando e deixando ao lado os convenios con Deputacións que había no pasado polo que non entendemos que se estableza para a creación deste centro un convenio cunha entidade local que non ten competencias educativas como é a Deputación de Ourense.

Para ANPE Galicia tan importante, ou se cabe máis, como a creación deste tipo de centro é o establecemento da rede colaborativa cos centros que imparten as ensinanzas de Formación Profesional e neste senso amosamos a nosa preocupación de que finalmente o centro se focalice nas áreas que se mencionan no Decreto e se esquezan outras. Por poñer un exemplo, dada a situación actual, consideramos que deberían potenciarse as centradas no ámbito da formación profesional no sector sanitario e a innovación neste tipo de ciclos. ANPE Galicia considera, así mesmo, que sería importante establecer un sistema de becas para o alumnado de Formación Profesional e solicitamos á Administración que nos informe de si ten planificado facer algo nesta liña.

En relación ao preámbulo botamos en falta, como dixemos no anterior punto, toda a normativa e referencias ás redes creadas tanto a nivel europeo como estatal.

Botamos en falta dentro do texto do Decreto unha concreción dos obxectivos do Centro.

En relación ás funcións do Centro botamos en falta diversas funcións como poden ser a coordinación cos centros de formación do profesorado para desenvolver un modelo de aplicación das tecnoloxías emerxentes que xurdan nos centros de formación no ámbito do profesorado e a aposta polo avance na internacionalización da Formación Profesional e a colaboración con entidades educativas e organizacións internacionais para a mellora das ensinanzas de Formación Profesional no referente á Dixitalización ou axudar á implantación de contornas virtuais nos centros de Formación Profesional e implantación de distintas metodoloxías virtuais que melloren a Formación Profesional a distancia.

No artigo 5 consideramos excesivo o peso dentro do Consello Executivo dunha entidade en concreto e tamén solicitamos a retirada do apartado f) de ata tres vogais en representación dos axentes económicos e sociais.. **A Administración retirará este punto.**

En canto ás funcións do Consello Executivo engadiríamos unha función que sería a de “informar da proposta de nomeamento da dirección do Centro”, e outra de “Favorecer a proxección do Centro entre espazos e institucións nacionais e internacionais”.

En relación ao artigo 6, desde ANPE Galicia demandamos que o nomeamento da dirección do Centro se faga a través de concurso público de méritos.

En relación ao artigo 7, ao igual que fixemos no punto anterior, demandamos a creación dunha segunda secretaría deixando unha secretaría para cuestións administrativas e outra para cuestións educativas.

ANPE Galicia pregunta á Administración que se vai incluír na Disposición Adicional Segunda xa que aparece sen texto. **A Administración resposta que é un erro e que non vai a haber disposición adicional segunda.**

## **4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: LICENZAS POR FORMACIÓN PARA O CURSO 2021/2022**

Desde ANPE Galicia solicitamos á Administración unha aclaración de se o correo informativo sobre as licenzas de formación concedidas o curso pasado pero non desfrutadas foi enviado a todo o profesorado afectado ou soamente a quen solicitou aclaración. Entendemos que dito correo debería ser remitido a todo o profesorado afectado para que teñan claro que poden desfrutar a licenza este curso presentando unicamente o Anexo 2. En relación a esta última cuestión ANPE Galicia demanda que se inclúa en dito Anexo un apartado de “Renovación da licenza de formación concedida e non desfrutada no curso 20/21” para que a administración teña claro que esa persoa non ten que presentar ningunha documentación adicional. **A Administración confirma que ten automatizados os datos das persoas que tiñan concedida licenza e non a desfrutaron polo que, non é necesario establecer ningún apartado específico no Anexo 2 de solicitude.**

Desde ANPE Galicia preguntamos se unha persoa que tivese concedida unha licenza por formación o curso pasado e non gozase dela por mor da pandemia podería renunciar á renovación automática de dita licenza e solicitar unha nova noutra modalidade diferente. **A Administración resposta que pode facelo presentando unha solicitude seguindo o procedemento ordinario sen necesidade de facer ningunha renuncia.**

En relación ao baremo consideramos que 13 puntos para o proxecto é unha puntuación moi desfasada. Solicitamos tamén diferenciación de puntuación entre cursos impartidos e cursos recibidos.

ANPE Galicia considera que este curso tería que terse acumulado o remanente do curso pasado e facer unha oferta máis xenerosa o presente curso. **A Administración resposta que deben basearse no orzamento previsto para cada curso.**

ANPE Galicia demanda a restitución das licenzas de curso completo para rematar estudos ou teses doutorais así como, as licenzas sen retribución.

ANPE Galicia considera pouco operativas as licenzas dun mes de duración polo que pide a ampliación da súa duración. Do mesmo xeito solicitamos a ampliación a 9 meses das modalidades 2 e 3.

No caso das licenzas grupais consideramos que non se debe penalizar a presenza nos grupos de profesorado interino xa que consideramos que a redacción actual da Orde así o fai. **A Administración valorará a redacción deste punto na Orde.**

Solicitamos unha aclaración sobre os tipos de accións formativas que se poden considerar no recollido na Adicional segunda da Orde.

Demandamos a presenza das Organizacións Sindicais na comisión de selección e nas subcomisións de traballo onde, en ocasións, non somos convocados.

## 5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- O Decreto 165/2020 do 17 de decembro establece unha serie de beneficios tanto nas oposicións como na adxudicación de destinos para os deportistas de alto nivel. Nas oposicións non se aplicou e estaremos pendentes para próximas convocatorias de procesos selectivos pero, entendemos que deben establecerse ditos beneficios na orde do Concurso de Adxudicación de Destinos Provisionais e solicitamos que a Administración nos informe de si ten previsto facer dita modificación. **A Administración resposta que abordará esta cuestión.**
- En relación ao período de adaptación para o alumnado de Educación Infantil que se incorpora ao sistema educativo insistir unha vez máis na petición unánime feita por todas as Organizacións Sindicais cando se tratou este punto na orde do calendario escolar na Mesa Sectorial.
- Demandamos información por parte da Administración Educativa Galega sobre posibles negociacións co Ministerio de Educación sobre un futuro e hipotético MIR docente e tamén das negociacións de Currículos das diferentes etapas educativas. **A Administración resposta que non hai actualmente ningunha negociación sobre este tema.**
- En relación ao borrador con propostas para abordar o vindeiro curso escolar 2021-2022 ANPE Galicia demanda que se manteña todo o profesorado (máis de 2500 docentes) que traballou a maiores durante o presente curso escolar de cara a poder afrontar con garantías o curso vindeiro. **A Administración resposta que aínda se está a negociar a nivel estatal o establecemento de novos protocolos e que, unha vez establecidos, a Administración Educativa galega fará as adaptacións conxuntas coa Consellería de Sanidade para elaborar a proposta autonómica de protocolo para o vindeiro curso.**
- Solicitamos á Consellería que anuncie a apertura do prazo para non participar no CADP que segundo o artigo 39.1 da Orde do 7 de xuño de 2018 é do 15 ao 31 de maio polo que, tendo en conta que os días 15, 16 e 17 foron inhábiles, debería dar comezo hoxe 18 de maio.

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 14:05 horas.